



### CONCELLOS

#### BARALLA

##### Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 2/2024, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 14 de maio de 2024, cun importe que ascende a cantidade de 97.565,33 €, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.512.600,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.022.340,00
3	Gastos financeiros	11.000,00
4	Transferencias correntes	84.580,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
6	Inversións reais	3.800.702,96
7	Transferencias de capital	20.000,00
<b>TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS</b>		<b>6.451.222,96</b>

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, 17 de xuño de 2024.- O ALCALDE, Don Miguel González Piñeiro.

R. 1791

### O CORGO

##### Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 14 de xuño de 2024, o orzamento municipal e o cadro de persoal para o exercicio 2024, así como a relación de postos de traballo municipal, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como do artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por un prazo de quince días hábiles, no caso do orzamento e do cadro de persoal, e de 20 días, no caso da relación de postos de traballo, co fin de que durante este prazo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 17 de xuño de 2024.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1792

---

*Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 14 de xuño de 2024, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 4/2024, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 €), terceiro de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 17 de xuño de 2024.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1793

---

**FOLGOSO DO COUREL***Anuncio*

Por DECRETO DE ALCALDIA 2024-0130 aprobáronse as bases que rexerán o proceso selectivo para a provisión con carácter temporal mediante o sistema de concurso-oposición dunha praza de técnico de turismo ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC) debendo seguirse, en todo caso, o modelo de solicitude que aparece recollido no Anexo I das bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles que comezarán a contar a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 13 de xuño de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1794

---

**GUITIRIZ***Anuncio***Exposición pública Conta Xeral 2023**

Formada e rendida a Conta Xeral correspondente ao orzamento 2023, e informada pola Comisión Especial de Contas na súa sesión celebrada o 13 de xuño de 2024, expónse ao público cos documentos que a xustifican, durante 15 quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales, os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Guitiriz, 13 de xuño de 2024.- Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1795

---

**LUGO***Anuncio***DECRETO**

**Ilma Sra. D<sup>a</sup> Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**

Instruído expediente relativo a: **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO "CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO 2024.**

Visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, de data 11 de xuño de 2024, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constar o seguinte:

**"ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO "CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO 2024"**

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, convoca anualmente o "CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO 2024", de acordo coas súas bases reguladoras.

Por dito motivo, para a celebración do Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre Cidade de Lugo 2024, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/7/2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30/04/2024 nas súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras do "CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO 2024".

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 5.550,00 euros con cargo á partida 33000.48101 RC: 38929/24 do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO.-** Publicar estas bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**CUARTO.-** Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar".

Así mesmo consta informe da Tesoureía Municipal sobre existencia de consignación orzamentaria na partida 33000.48101 RC: 38929/2024, do vixente orzamento municipal, así como informe de fiscalización do servizo de Intervención núm. 903/2024 de data 14 de xuño de 2024 polo que procede a tramitación do expediente.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/7/2023 e Decreto núm. 4036/2024 de 30/04/2024:

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras do "CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO 2024", que seguidamente se transcriben:

"A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, convoca o 24º CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO" 2024, de acordo coas seguintes

BASES:

1ª. - Poderán concorrer cantas autoras e autores maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra, e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª. - O estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural. Os participantes deberán enviar unha localización do punto no que se sitúen para realizar a súa obra ao correo-e [cultura@lugo.gal](mailto:cultura@lugo.gal) antes das 12.00 horas; de non ser posible, facelo telefonicamente aos números indicados na base 12ª.

3ª. - As autoras ou autores que resulten gañadores recibirán os seguintes premios:

1º.- 1.600 € e diploma.

2º.- 1.100 € e diploma.

3º.- 900 € e diploma.

5 accésits de 300 € e diploma.

Premio especial á ou ao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma.

Estes premios estarán suxeitos ás retencións correspondentes de acordo co Real decreto lei 26/2014, de 27 de novembro, polo que se modifica a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4ª. - As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello, así como todos os dereitos inherentes ás mesmas. As autoras ou autores renuncian polo tanto a todos os dereitos de explotación, unicamente conservarán os de autoría para incluílo no seu currículo. As persoas gañadoras dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais que puideran realizarse.

5ª. - Data do certame, inscricións e selado:

As inscricións realizaranse no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes, e serán gratuítas. O certame terá lugar o domingo, día **14 de xullo**.

Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se exporá a súa obra.

O soporte non superará as dimensións máximas de 100 x 100 cm. e presentarse o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo entre as 16.00 e as 17.00 horas (hora límite) e realizarse no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas e os autores e autoras asinarán as obras.

Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores e autoras das obras non premiadas faranse cargo delas.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos.
- Cando os cadros presentados non se axusten ao tema do concurso.
- Cando utilicen a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.

7ª.- Os cadros deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminar que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.

8ª.- As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

9ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración do Certame de Pintura Rápida, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso mediante resolución que será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

10ª. - O xurado será o encargado de propoñer as obras gañadoras, que se recollerán na resolución do órgano competente.

11ª. - Criterios: O xurado pode propoñer declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

12ª. - As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nestas bases. Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, deberán poñerse en contacto co Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297212/16/17, 982 297106, 982 297334, 982 297127 ou no correo-e cultura@lugo.gal

13ª. - Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de

---

Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

14ª. - O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

ANEXO I

FICHA DE INSCRICIÓN E DECLARACIÓN XURADA

CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE 2024

CONCELLO DE LUGO

NOME\_\_\_\_\_

APELIDOS\_\_\_\_\_

ENDEREZO\_\_\_\_\_

POBOACIÓN\_\_\_\_\_CP\_\_\_\_\_

PROVINCIA\_\_\_\_\_

NIF \_\_\_\_\_ TFNO. \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO\_\_\_\_\_

CORREO-E\_\_\_\_\_

DECLARO

Que me atopo ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento dos requisitos esixibles para obter a condición de beneficiario, no seu caso, do premio que puidera corresponder, comprometéndome a manter esta situación durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza, e a súa acreditación ante o Concello cando sexa requirido, quedando obrigado a comunicar calquera variación desta situación.

....., ... de ..... de 2024"

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 5.550,00 euros con cargo á partida 33000.48101 RC: 38929/24 do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO.-** Publicar estas bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**CUARTO.-** Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

- No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, deáselles traslados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 17 de xuño de 2024.- Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Ilma Sra. D<sup>a</sup> Tareixa A. Ferreiro Tallón.

R. 1796

---

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

Que na sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 25 de abril de 2024 aprobouse por maioría absoluta o seguinte acordo, ditaminado previamente pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno celebrada o día 22 de abril de 2024:

#### *“MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO”*

O día 16 de maio de 2024 consta publicado o acordo no BOP de Lugo e non constan alegacións presentadas no período de 20 días hábiles. Nese anuncio consta o acordo adoptado de forma íntegra.

Así, o acordo aprobado inicialmente en sesión plenaria de 25 de abril de 2024 e publicado no BOP de 16 de maio de 2024 elévase a categoría de definitivo.

Outeiro de Rei, 12 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1747

---

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

#### **LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE ABRIL 2024.**

Por Resolución de alcaldía do 11 de xuño de 2024, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 28 de xuño de 2024 ao 28 de agosto 2024**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 28 de xuño de 2024 ao 28 de agosto de 2024**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-311000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova 13 de xuño de 2024.

A Pontenova, 13 de xuño de 2024.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1797

## RÁBADE

### Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **10 de xuño de 2024** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de **maio de 2024**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 10 de xuño de 2024.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 1798

### Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 13 de maio de 2024, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos Nº 4/2024, transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, someténdose o mesmo a exposición pública por prazo de 15 días, mediante publicación no BOP número 116 de 21 de maio de 2024. Non presentándose alegacións durante o comentado período, a modificación orzamentaria considerase definitivamente aprobada. En cumprimento do artigo 169 do Texto Refundido da LRFL publícanse resúmenes por capítulos o estado de gastos para o exercicio 2024, tras a modificación orzamentaria sinalada:

CAP. 1.- GASTOS DE PERSOAL	572754,12
CAP. 2.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1362360,01
CAP. 3.- GASTOS FINANCEIROS	1501,00
CAP. 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	65850,00
CAP. 6.- INVESTIMENTOS REAIS	1071843,89
CAP. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAP. 8.- VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
CAP. 9.- VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	1,00
<b>SUMA TOTAL</b>	<b>3074310,02</b>



Rábade, 17 de xuño de 2024.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 1799

## RIBADEO

### Anuncio

**Resolucións da Alcaldía núms. 2024-0445 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:**

Por Resolución da Alcaldía citada de data 27 de maio de 2024 unha vez concluído o proceso selectivo, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
Alvaro Costa Rivas	**4515**

### Características da praza:

Servizo/Dependencia	Servizo de mantemento de instalacións e Infraestruturas
Ide. Posto	1012/RPT
Denominación do posto	Axudante de Electricista
Natureza	Laboral fixo
Nomeamento	27/05/2024
Escala	Persoal laboral de carácter fixo
Subescala	Axudante
Clase/Especialidade	Axudante
Grupo/Subgrupo	C2

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 13 de xuño de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R.1800

## O SAVIÑO

### Anuncio

### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía num. 2024/0178, de data 14 de xuño de 2024, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviño correspondentes ao mes de maio de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do

Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 14 de xuño 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1801

---

## VILALBA

### Anuncio

#### Corrección de erros.

#### **Expediente nº 3236/2023: Proceso de estabilización de emprego temporal de dúas prazas de traballador/a social**

A través de Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada en data 17 de xuño de 2024, procedíase á corrección de erro advertido en relación coas bases reguladoras das probas selectivas para a provisión de xeito fixo de dúas (2) prazas de traballador/a social no seo do proceso de estabilización de emprego temporal, sendo o literal da parte dispositiva do Acordo rectificador o seguinte:

**“PRIMEIRO.- Rectificar o erro de transcripción advertido no acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada en data 3 de xuño de 2024, en relación coas bases reguladoras das probas selectivas para a provisión de xeito fixo de dúas (2) prazas de traballador/a social no seo do proceso de estabilización de emprego temporal (CSV ZW4RFY2ZEMLA6YSHEYCTJW7M7), nos termos seguintes:**

ONDE DI:

**“Bases polas que se establecen as normas para a estabilización dunha praza de Traballador /a social”.**

DEBE DICIR:

**“Bases polas que se establecen as normas para a estabilización de dúas (2) prazas de Traballador/a social”.**

**SEGUNDO.- Darlle ao presente acordo de corrección equivalente preceptiva publicidade que ao acordo de orixe.”**

Vilalba, 17 de xuño de 2024.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1802